

N. Expediente: 219/2025
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Documento: Providencia de inicio
Asunto: PLAN MÁIS PROVINCIA 2025_LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025

PROVIDENCIA DE INICIO

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 21 de febreiro de 2025, de concesión de subvención ao abeiro do PLAN MÁIS PROVINCIA 2025_LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 (BOPPO nº 1 do xoves 2 de xaneiro de 2025) no que será subvencionable a contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, de interese xeral e social, tendo en conta a normativa aplicable.

DISPOÑO:

1. Incócese expediente para a contratación de **7 persoas desempregadas** inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
2. Os contratos a formalizar levaranse a cabo en dúas quendas, a xornada completa de 37,5 horas semanais, clasificados no grupo V:
Quenda 1: 4 traballadores Marzo-Novembro_2025
Quenda 2: 3 traballadores Abril-Novembro_2025

Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como as preferencias reflexadas na propia convocatoria, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demais documentación complementaria prevista na Lei.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

